

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

Corrección de erros.-Orde do 25 de febreiro de 2005 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para o fomento da innovación empresarial, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.

Advertido erro na antedita orde, publicada no DOG nº 42, do 2 de marzo de 2005, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 3.457, no artigo «2º.-Aplicacións orzamentarias», na última fila do cadro en que se consignan os créditos destinados ao financiamento da orde, onde di:

	TOTAL	17.404.197,95	12.182.938,57FP3	110.442.518,77
--	-------	---------------	------------------	----------------

Debe dicir:

	TOTAL	17.404.197,95	12.182.938,57	110.442.518,77
--	-------	---------------	---------------	----------------

Na páxina 3.460, no artigo «8º.-Obtención dos formularios normalizados de solicitude», cuarto parágrafo, onde di: «endereço de correo electrónico axudas.tecnoloxia.2005*xunta.es», debe dicir: «endereço de correo electrónico axudas.tecnoloxia.2005@xunta.es».

Nota: esta corrección non afecta o prazo de presentación de solicitudes.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Orde do 3 de marzo de 2005 pola que se establecen bolsas de prácticas para titulados en especialidades agrarias.

Coa finalidade de que os recentemente titulados en especialidades agrarias acaden maiores coñecementos prácticos nas materias propias dos seus estudos, que lles permitan unha mellor preparación para o seu futuro profesional, esta consellería considera interesante establecer unha liña de axudas en forma de bolsas de prácticas.

Por todo o exposto, en consonancia co establecido no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e en uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Establécense axudas económicas, que no sucesivo denominaremos bolsas, para realizar prácticas en temas agrarios, conforme as bases contidas nesta orde.

Artigo 2º.-Finalidade.

As bolsas concederanse para o desenvolvemento de estudos e prácticas formativas en materia agraria. As prácticas realizaranse en empresas e entidades relacionadas co sector agrario, así como en unidades da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

Artigo 3º.-Carácter das bolsas.

As bolsas teñen carácter formativo e non implican relación laboral nin administrativa dos beneficiarios coas empresas e entidades, nin coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, aínda que si a necesaria dependencia administrativa en relación co horario, normas de réxime interno e disciplina da empresa, entidade ou unidade administrativa onde se realicen as prácticas.

As bolsas tampouco darán lugar á súa inclusión na Seguridade Social. Porén, subscribiráselles a todos os bolseiros unha póliza colectiva de seguro de accidentes durante o tempo de duración das prácticas.

Artigo 4º.-Destinatarios e número de bolsas.

Establécense un total de ata 50 bolsas de prácticas, destinadas aos titulados recentemente como enxeñeiros agrónomos, enxeñeiros técnicos agrícolas, veterinarios ou licenciados en ciencia e tecnoloxía dos alimentos.

Artigo 5º.-Duración e contía económica.

Todas as bolsas terán unha duración mínima de 3 meses, salvo renuncia ou incumprimento dos beneficiarios. Poderanse realizar a partir do mes de xullo do ano en curso. O seu importe económico será de 700 € por mes de prácticas realizado.

No caso de que existan remanentes orzamentarios, e por proposta da comisión de valoración, as bolsas de prácticas poderanse prorrogar mensualmente ata o mes de decembro deste ano, como máximo, tendo preferencia as que se desenvolvan en unidades desta consellería.

Artigo 6º.-Empresas interesadas: documentación.

1. As cooperativas agrarias, industrias agroalimentarias, consellos reguladores e demais empresas e entidades relacionadas co sector agrario interesadas en acollerer algún bolseiro en período de prácticas, das titulacións que se relacionan no artigo 4º desta orde, solicitarano á Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

2. As solicitudes presentaranse segundo o modelo adxunto (anexo I), debidamente cuberto e asinado polo presidente ou representante legal da empresa ou entidade peticionaria, xunto coa seguinte documentación:

-Breve memoria, xustificando a petición e especificando o tipo de prácticas que se van realizar,